

A calcinación tradicional da caliza. Caleiras de Masma (Mondoñedo)

Abel Vigo García

Resumo: O presente artigo pretende recoller o traballo da calcinación da rocha caliza como actividade etnográfica en vías de desaparición, a través da recuperación que se levou a cabo deste saber tradicional nunha das caleiras de Masma (Mondoñedo –Lugo–) entre o 14 e o 17 de agosto de 2003. Isto viuse complementado cos datos extraídos das conversas mantidas cos mestres do oficio que quedan na zona.

Este traballo popular e o seu carácter comunal non é moi coñecido na nosa comunidade posto que é propio das áreas orientais de Galicia onde se atopan as escasas vetas de calizas que hai no noso territorio e que permiten a execución deste pola presenza da materia prima pertinente.

Resumen: El presente artículo pretende recoger el trabajo de la calcinación de las rocas calizas como actividad etnográfica en vías de desaparición, a través de la recuperación que se ha llevado a cabo de este saber tradicional en una de los hornos de cal que hay Masma (Mondoñedo –Lugo–) entre los días 14 y 17 de agosto de 2003. Esto se ha visto completado con los datos extraídos de las diversas charlas con los maestros del oficio que quedan en la zona.

Este trabajo popular y su carácter comunal es poco conocido en nuestra comunidad porque es propio del área oriental de Galicia donde se pueden encontrar las escasas vetas de calizas que hay en nuestra territorio y que permiten la ejecución del mismo por la presencia de la materia prima pertinente.

Agradecementos

Vaia o meu agradecemento a todos os que colaboraron neste artigo e, en especial, a todos os integrantes da Asociación de Veciños San Andrés de Masma pola súa colaboración en todo, as facilidades dadas e o gran interese que amosaron para que vise a luz esta breve reseña etnográfica que pretende recoller, ademais do seu esforzo, as bases dun oficio xa desaparecido en Mondoñedo.

Introdución

Nos substratos galaicos predominan, como é sabido, os granitos (A Coruña e Pontevedra) e as cuar-citas (Lugo e Ourense), habendo unha excepción na área oriental galega na que se poden atopar calizas. Na zona norte desta área que trascorre pola provincia de Lugo atópanse, entre outros, os vales de Mondoñedo e Masma pertencentes ao Concello de Mondoñedo.

Xeoloxicamente este afloramento (Calizas de Vegadeo) repousa sobre materiais silíceos per-tencentes ás Pizarras de Cándana, situándose a nivel xeral na zona asturoccidental leonesa, na unidade estratigráfica corresponde ao denominado Manto Mondoñedo.

Esta excepción xeolóxica dentro da comunidade galega fai que os traballos de calcinación da caliza levados a cabo nesta área oriental sexan, e valla a redundancia, unha excepción dentro dos oficios tradicionais habituais de Galicia.

A tradición en Mondoñedo —enténdoo como concello— estaba bastante estendida e pódense atopar caleiras en diferentes parroquias como Masma, Santa María Maior, Os Remedios, Sasdóni-gas, etc. e topónimos como “O Chao das Caleiras”, ademais dun número considerable de persoas que lembran ter “feito cal” na súa nenez ou xuventude. O problema é que os mestres en facer o cal van sendo cada vez máis maiores e a tradición é fácil que se poida ir perdendo pola perda do costume e por deixarse de valorar estes taballos tradicionais ata épocas ben recentes.

Así, ante o perigo de que esta tradición etnográfica caese no esquecemento e co fin de pre-servar do deterioro a dúas das caleiras situadas na parroquia de Masma, a Asociación de Veciños San Andrés de Masma quixo levar a cabo unha recuperación deste traballo durante o verán do ano 2003.

Situación física e patrimonial

As caleiras en cuestión pódense atopar na parroquia de Masma, ao pé da estrada LU-153 no lugar do Chao das Calei-ras dentro da Fraga do Castro, practicamente no límite do concello de Mondoñedo co de Lourenzá.

O conxunto componse actualmente de dous fornos, aos que se lles pode outorgar a seguinte coordenada xeográfica: 43°28'59" norte e 07°18'58" oeste¹ (UTM: X_636.137 / Y_4.815.954²).

A nivel patrimonial solicitouse a súa inclusión no Inven-tario de Bens Culturais de Galicia en xuño de 2002.

Por último, hai que sinalar que os terreos nos que se sitúa son terreos parroquiais de propiedade comunal.



1 Coordenadas topográficas tomadas do Mapa Topográfico Nacional 1:25.000 do Instituto Geográfico Nacional, folia 24-II edición de 1998.

2 Cartografía dixital 1:5.000 editada pola Xunta de Galicia, edición de 1998.

Relación de participantes

Neste apartado só imos incluír, de forma nominal, a aqueles que correron co maior peso do traballo: José Otero López, Andrés Otero López, José Sánchez Otero, José Otero Rejes, Eliberto Verdeal Cazón, Manuel Rivas Ron, Lisardo López Otero e outros 40 colaboradores máis.




< (De esquerda a dereita) Lisardo López Otero, Manuel Rivas Ron, Andrés Otero López, Eliberto Verdeal Cazón, José Sánchez Otero e José Otero López³


Descrición da caleira

A caleira é unha edificación realizada en pedra morta, lousa para o caso que nos ocupa. Presentan unha sección troncocónica que reúne nun só corpo a cámara de caldeo e a cámara de cocción e posúen un único acceso propiamente dito na parte baixa aínda que empregan, tamén, a parte alta do forno para introducir material e para retiralo.

Esta construción está, para manter mellor as altas temperaturas precisas, enterrada case na súa totalidade, quedando ao descuberto unha pequena parte (unha quinta parte aproximadamente) que permite acceder á parte baixa para cargar o forno e para alimentar o lume no momento da cocción.



3 Foto cedida por José Otero Rejes.



O interior do forno poderíamos consideralo dividido en dúas partes, posto que a parte baixa —onde se deposita a leña e se fai o lume— está “separada” da cámara de cocción por un pequeno saínte (denominado zapata) onde se comezan a colocar as pedras calizas que serán as que delimiten, unha vez rematadas de poñer, a cámara de caldeo do resto do forno.

< Sección 1. Forno de cal ou caleira // 2. Caldeira //
3. Zapata // 4. Boqueira // 5. Cámara de cocción // 6. Colmo
(a pedra caliza que sobresae dende o borde superior)

Proceso produtivo

Este apartado imos dividilo en tres partes que marcan o proceso de traballo. En primeiro lugar falaremos do combustible e da materia prima, das características da pedra e da preparación que require para poder levar a cabo unha colocación idónea dentro da caleira. Abordaremos, por último, para esta primeira parte a preparación que precisa a caleira e explicaremos como se procede á colocación da pedra no seu interior para poder acadar un punto óptimo de cocción.

En segundo lugar abordaremos o proceso de queimado en si, dende o encendido da caleira ata o seu apagado.

Para rematar este apartado falaremos do arrefriado e baleirado do forno, para, no apartado seguinte tratar, brevemente, os diferentes usos que se lle dá ao cal.

a) Preparación da caleira

En primeiro lugar, antes de reunir a pedra, íase ao monte cortar toxo e xuntalo en gabelas para que se secase no monte e logo servise de combustible na calcinación. Nos últimos tempos xa se empregaba a rama de eucalipto.

A leña precisa para queimar o cal na caleira que estamos a analizar sería de 60 carros.



Partindo a pedra en 2003

A materia prima empregada para a obtención do cal é a pedra caliza que se compón, fundamentalmente, de carbonato cálcico dando lugar a rochas brandas que son solubles en auga ao cabo de moitos séculos e que, pola incidencia desta, poden dar lugar á formación de covas en zonas con especial abundancia deste material xeolóxico, pero este tipo de rochas tamén pode atoparse mesturada con outras —no caso mindoniense son lousas— que lle resta pureza a estas calizas.

A pedra obtíñase dunha canteira próxima (que aínda segue a funcionar), extraíase antigamente á man, logo xa co emprego de dinamita e dende alí era transportada primeiro en carros de vacas e, logo, en camións ata o pé da caleira.

A calidade da materia prima xa se coñece ao vela, pois sábese que pedras darán bo cal e cales non, segundo a súa cor branca ou azulada.

O tamaño das pedras era pequeno para facilitar a súa colocación dentro do forno, pois dende a mesma canteira vendíase pedra para moitas caleiras e isto facía que o dono xa soubese como había que preparala. Aínda así, era preciso retocar algunha pedra para adaptala ao espazo que ía ocupar dentro do forno e poder colocala adecuadamente.

Nesta última calcinación as pedras empregadas eran grandes bloques que houbo que rompelos en fragmentos menores con instrumentos manuais (marras, picos,...) buscando un tamaño adecuado para paredar dentro do forno.

A pedra para a caleira nesta última calcinación tivo que ser partida ao pé dela e isto levou varios días, pero o normal é, como dixemos, traela xa fracturada e só retocar aquelas que son máis grandes para poder colocala mellor.

Isto faise a medida que se vai colocando no interior, a media que se vai “paredando”.

A cantidade de pedra que se precisa para poder cargar esta caleira está en torno aos 72.000 quilos, obténdose un produto final de 35.000 quilos de cal⁴. Esta redución entre o produto introducido e o resultante coñécese como “a merma”. En termos xerais en todos estes procesos prodúcese unha merma que ronda a metade do produto.

Con todo isto xa temos o planeamento inicial, pero antes de comezar a colocar a pedra no interior teñen que levarse a cabo unha serie de preparativos de acondicionamento da caleira.

En primeiro lugar, debido ao tempo que había que a caleira estaba inactiva, colocouse unha lastra nova na entrada, na boqueira. Esta aséntase sobre barro (que se amasa alí mesmo) e sobre outras pedras de lousa que se van colocando para obter unha superficie plana adecuada para a localización desta pedra. A finalidade da colocación desta é nivelar a entrada da caleira co terreo exterior e conseguir un punto fixo de apoio fundamentalmente para poder apoiar parte da carga interna da caleira, tamén facilitar a introdución da leña sen que quede atrancada no chan e para poder exercer forza nela co longo atizador que se emprega a modo de panca para remover as brasas (“dar falca”) co fin de que a caleira teña lapa en todo o proceso de queimado.

A lastra de lousa que se coloca presenta un grosor importante, adecuado ao traballo a que vai ser sometida. Para a súa colocación, dadas as súas dimensións e peso, son precisas dúas persoas. Esta lastra só se reempraza cando está danada.

O queimado da caliza é, en xeral, un traballo esporádico e, polo tanto, dentro da cámara de caldeo vaise acumulando lixo polo paso do tempo entre as diversas calcinacións, ademais o baleirado que se leva a cabo tras a finalización do proceso deixa restos de cal dentro do forno e sobre a repisa que divide cámara de caldeo e cámara de cocción (“a zapata”), polo que é preciso proceder a unha boa limpeza interna da caleira.




Colocación da lastra na entrada da boqueira

4 A medida tradicional establece as cantidades en quintais, 1 quintal son 50 quilos.

Esta limpeza presenta unha dobre finalidade. En primeiro lugar a de liberar de cal a zapata que será a base para a colocación da pedra e, polo tanto, debe estar en condicións óptimas, posto que a bóveda que se construírá é clave para poder executar o traballo correctamente.

O segundo obxectivo é a limpeza da cámara de caldeo para que o lixo alí acumulado non dificulte a entrada de leña no forno, para acadar a altura adecuada entre o lugar onde se deposita a leña e o lugar onde se localiza a pedra e para impedir que a acumulación de cinzas e restos da combustión saturen o forno e impidan rematar o traballo de xeito adecuado. A cámara de caldeo ten unha altura duns 150 cm.

Tras estes traballos colócase unha armazón de madeira a modo de piso apoiando esta en determinados puntos da zapata posibilitando con isto a colocación da pedra e a construción da bóveda, tal como se pode ver no gráfico correspondente.



A colocación da pedra dentro da caleira, que se denomina “paredar”, está a cargo dunha especialista neste apartado, posto que este é o punto clave para acadar unha boa calcinación.

Isto é así porque a pedra debe estar colocada de tal xeito que a lapa que sobe da cámara de caldeo do forno poda pasar entre unha e outra chegando a todas as partes, incluídas aquelas pedras que están formado o colmo na parte superior e exterior ao forno.




Inicio do paredado interno

O outro aspecto fundamental desta colocación é a conformación dunha bóveda adecuada e que sexa capaz de, en primeiro lugar, aguantar todo o peso que se lle vai ir colocando enriba ata rematar de encher a caleira sen que caia e, en segundo lugar, teña a altura suficiente para poder levar a cabo unha cocción óptima de toda a pedra. A altura desta bóveda establécena “...ten que ter a altura dun home máis 7 cuartas...” (algo máis de 3 m de altura dende a zapata, derivado da estimación dun home de arredor de 170 cm e as 7 cuartas que se miden cunha vara e que moi probablemente non tivesen os 25 cm establecidos de forma xenérica).

Este proceso iníciase dende a parte baixa e vaise elevando a parede paulatinamente todo arredor da caleira, agás na boca de entrada, onde se creará unha entrada máis pequena que a que posúe o forno. Esta entrada irá apoiada na lastra posta no chan creando un arco coa pedra que fará de base, nesa zona, á bóveda interior. Este arco presenta dúas partes: as “parexas” que son as partes rectas e o “pecho” que é o arco propiamente dito. Isto delimita o espazo polo que sairá o mestre que parda, e a estrutura de madeira que fai as funcións de piso, e tamén será por el por onde entre a leña e o atizador.

Visión frontal da boqueira do forno:
1. Boqueira // 2. “Parexas” // 3. Pecho //
4. Pedra, parede exterior da bóveda
que logo será recuberta con barro >



A bóveda vaise conformado e a pedra que serve de cerre desta bóveda, cun tamaño maior, colócase dende a parte superior do forno, dende a cheminea. Esta pedra (denominada “pecho”) de maiores dimensións fai que se sosteña a estrutura pois o peso desta, pola colocación das pedras inferiores, descansará na base do conxunto construído sobre esa repisa da que falabamos antes. A colocación é clave para que se poida dar este reparto de forzas por toda a base.

Nesta parte da caleira, na bóveda, as pedras que a conforman teñen unha estrutura específica e reciben nomes propios cada un dos paramentos verticais que se van formando e que conforman o oco que logo será ocupado polo lume.

En primeiro lugar están as pedras que entran en primeiro contacto co lume, estas denomínanse “pedras da flor ou do lume” son pedras bastante grandes. A continuación destas, cara á parede do forno están os “trascantos grandes” e logo os “trascantos pequenos”. Para rematar, toda a pedra que está entre estas e a parede do forno denomínase “pedra de pardar” que é moito máis pequena.

Unha vez conformada esta parte baixa da caleira, continúaase cargando o forno dende arriba ata sobrepasar a altura da cámara de cocción. Unha vez sobrepasada, procédese a ir cerrando a parede e acabándoa nun pico que, como xa indicamos, se denomina “colmo”. Esta parte sobresae sobre 1 m por riba da caleira.

Por último, tras a retirada da estrutura de madeira, cóbrese de barro a parte da boca da caleira que queda tapada pola pedra caliza colocada no seu interior para evitar a perda de calor e a saída de fume e lapa por un lugar indebido.

Tras esta colocación a caleira está lista para proceder ao queimado da pedra. Agora o forno ten unha cámara de caldeo limpa, unha boca de entrada máis pequena e é máis alto debido á pedra que sobresae por riba e que conforma o pecho.

Estes pasos de preparación levaron uns quince días de traballo intermitente de varias persoas e empregando, para pedras dun volume maior, medios mecánicos que facían máis segura a carga do forno.

Tradicionalmente a fase de carga da caleira era desempeñada por 8 persoas e precisaban de 2 días de traballo, cunha xornada de 12 a 13 horas/ día. Estas oito persoas estaban divididas en dous grupos: 2 persoas colocaban e 6 preparaban a pedra e pasábana aos de dentro, pois, como xa dixemos, era preciso retocar a pedra que se ía cocer.



Caleira lista para cocer

O último paso antes do acendido da caleira e carretar a leña precisa, que xa estaba cortada e seca no monte, para manter o lume vivo durante o tempo que se precisa para que se forme o cal no seu interior. O saber tradicional fala de que son precisos uns 60 carros de toxo, madeira que desprende calor suficiente e unha lapa de dimensións considerables, permitindo unha cocción idónea. Para esta recuperación empregouse, en lugar de toxo, eucalipto seco que parece ser que arde de xeito semellante e que reúne unhas condicións adecuadas de igual modo que a outra materia prima.

b) Queimado da caliza

A proceso de queimado consiste, como é óbvio, en facer lume dentro do forno e baixo a pedra caliza para que se produza a transformación da pedra en cal. Neste proceso o carbonato cálcico transfórmase en óxido de calcio que é cal vivo.

O acendido do lume e o incremento da lapa fanse paulatinamente e están destinados a que se quente o forno pouco a pouco tras varios anos de inactividade; ten que perder “a friaxe” que foi gardando nas súas paredes.

Unha vez que o forno está a pleno rendemento hai que manter a lapa durante un período de tempo que se move sobre as 48 horas “...en caleiras pequenas, para esta algo máis...”, pero isto pode variar segundo as condicións externas: ventos, choivas, leña pouco adecuada para a queima, etc., son factores determinantes, de aí que, para saber cando está feito o cal, se recorre a outro sistema baseado na merma que sofre a pedra caliza durante o proceso que fai que baixe o colmo e, tamén, a que o lume tira cada vez menos, como se afogase, debido a que os ocos que había entre as pedras se van cerrando ao írense transformado a pedra en cal, pois a carga desta queda compacta.

O xeito de manter o forno lapeando durante estes tres días é grazas á colaboración entre os veciños, así organízanse quendas de catro horas en grupos de tres persoas (denominadas “folgas”) para alimentar o lume cada pouco e atizar as brasas regularmente con un pau longo —neste caso de eucalipto— co fin de acadar as condicións óptimas de lapa (isto denomínase “dar falca”). Cando o forno está queimando ben a pedra, a lapa pasa por riba do colmo. Neste traballo colaboraban máis persoas que as propias da folga.



Introdución de leña durante unha folga

Este longo e laborioso proceso continuará así, de xeito ininterrompido durante o tempo que sexa preciso para queimar a pedra de cal. A cuestión é saber cando é o momento de deixar que se apague o lume, aquí os mestres fíxanse no colmo.

Como dixemos varias veces, por riba da caleira sobresaen aínda varias fiadas de pedra caliza que constitúen o colmo do forno e este, segundo se vai queimando a caliza, vai baixando paulatinamente debido á merma que vai sufrindo o material calizo ao converterse en cal.

Cando o colmo entra dentro da caleira, isto é, cando xa non sobresa a pedra por riba, finaliza o proceso de queimado e déixase apagar o forno.

Remata así o proceso de calcinación. Agora temos unha gran masa de cal viva totalmente compactada e a unha temperatura moi alta.

Así, tras apagarse o forno, este déixase uns días ata que arrefría o suficiente para poder descargarlo.

Tradicionalmente podía retirarse o cal aos 2 días tras o apagado do forno.

c) Valeirado do forno

Tras pasar ese marxe de seguridade baléirase o forno, primeiro dende arriba e logo dende a boca da caleira. Neste momento é cando se recolle o cal e se desbota a pedra que quedou sen queimar no interior do forno.

O baleirado fíxose rompendo, por medios manuais, o gran bloque de cal. Para illarse da calor⁵ empregáronse guantes e, para evitar que a poeira que se desprende de picalo e cargalo con pas se introducise nas vías aéreas, empregáronse mascarillas.

Este depositouse en grandes sacas para poder transportalo por medios mecánicos.

Deste proceso extraéronse uns 35.000 quilos aproximadamente.



Dar falca durante unha folga



Caleira a piques de rematar de cocer. Pódese ver como o colmo está xa abaixo



Vista do colmo dende arriba, case a piques de rematar a cocción

⁵ A modo de curiosidade sobre a temperatura que pode gardar este produto podemos dicir que determinados anacos de cal procedentes do centro do forno seguían a conservar unha temperatura considerable, posto que a calor se sentía a través do propio guante e queimaba na man descuberta.

A transmisión do saber

En parroquias como esta todos sabían cocer o cal porque todos axudaban neste traballo e ao ser algo que se facía todos os anos durante o verán, e varias veces, a xente ía aprendendo segundo ía participando.

Non había un proceso de ensino de pais a fillos nin dentro de determinadas familias, pois a colaboración entre todos os veciños era o habitual neste traballo.

A pesar de todo había especialistas. Os de paredar o forno eran os verdadeiros técnicos e uns dos máis importantes, posto que este era o traballo máis complexo, xa que deste dependía que cocese ben ou non, coa conseguinte perda se non se cocía ben a pedra. Non todos sabían paredar adecuadamente.

A outro nivel, coméntase que había quen facía unha boa folga e quen non. As mellores folgas eran aquelas nas que os implicados mantiñan o lume adecuadamente e daban a falca precisa para eliminar as cinzas que se formaron na caldeira durante a súa quenda, evitando así que se acumule demasiada e haxa que parar de cocer, pois, como se ve na sección, estas caleiras non teñen saída de restos —comentan os entrevistados para este traballo que había algunha que tiña saída.

Podemos dicir que este era un traballo comunal no que todos sabían o que había que facer, aínda que había unha serie de xente que presentaba uns coñecementos preeminentes sobre o resto e os converte nos especialistas do traballo.



Visión dunha rúa de Mondoñedo
coas casas caleadas

Aspectos socioeconómicos do cal. Venda e usos

O traballo nas caleiras era de carácter comunal, isto é, os veciños colaboraban uns con outros a todos os niveis. Ademais era precisa esta colaboración, pois o volume de traballo que xera —en horas— a calcinación en si supón que as folgas deban ser feitas por máis xente que os dunha casa.

Este traballo desenvolvíase, principalmente, nos meses de verán en todas as caleiras da zona —9 ou 10—, cada ano traballaban todas e cocéndose dúas ou tres veces en cada unha, e incluso, podía haber varias cocendo ao mesmo tempo.

Ademais o feito de ser algo exclusivo da zona oriental galega polas súas características xeolóxicas fai que se convirta nun complemento económico moi interesante ás labouras cotiás, posto que lle achega unha materia prima á comunidade e proporciona tamén un excedente líquido en caso de venda, xa que este produto ten multitude de funcións.

A nivel de distribución e venda do produto había dúas modalidades: a venda directa por parte do produtor e a venda a un carreteiro que se encargaba da súa distribución na zona.

O cal procedente de Masma chegaba á costa é ao interior: os concellos limítrofes eran os primeiros en demandalo: Alfoz, Valadouro, Foz, Ortigueira, Bretoña, Vilalba, etc., toda a actual Mariña Luguesa, pero ía máis aló, chegando á provincia da Coruña para sanear os cuarteis.

Os prezos do cal a mediados do século XX:

- Sobre 1945: 12 ptas. na caleira e 14 ptas. fóra dela. (prezo quintal⁶)
- Sobre 1949: 17 ptas. (prezo quintal)
- Última cocción 2003: 10,00 € (1.663,86 ptas.)

Estes prezos eran un complemento económico moi interesante pois coa venda da produción dunha caleira arredor de 1949 pagouse a construción dunha casa.

Para facer un breve percorrido polos usos do cal temos que facer unha consideración do cal vivo (óxido de calcio —que sae directamente do forno—) e cal apagado (hidróxido de calcio —que se consegue engadíndolle auga ao cal vivo e deixándoo repousar—).

O cal vivo úsase fundamentalmente no agro: tanto nas terras como para o gando. Emprégase para fertilizar campos e terras, aínda que antigamente só se botaba na horta, pois era un produto moi caro.

Nas entradas das cortes, en lugares húmidos con lama, bótase cal vivo que enxuga as zonas, pois reacciona coa auga.

Desinfectante para as cortes dos animais, etc.

Tamén se emprega para a desinfección de espazos humanos.

O uso deste material na construción vén de moi antigo —era a base da construción romana—. Aínda non hai moito empregábase na construción como base e nela predomina o uso do cal apagado: cementos, enlucidos ou encalados e pintura. Os cementos e enlucidos levan unha proporción de area, cal —que está apagado— e auga e as pinturas confórmanse con cal vivo diluído en auga.

A xeito de epílogo

Para rematar, quixera dicir que este é un oficio que se atopa case desaparecido, posto que quedan poucos que saiban cocer e son menos os que poden aprender por non levar a cabo este tipo de actividades; polo tanto, esta recuperación etnográfica levada a cabo en 2003 ten gran importancia porque lles deu a coñecer este oficio aos máis novos e permitiu rexistralo de xeito exhaustivo, aínda que singular.

Ademais conseguiu despertar o interese polo estudo do oficio dos caleiros, estudo no que este breve artigo non pretende ser máis que unha primeira nota dun traballo moito máis extenso que se está comezando a realizar por parte de membros da Universidade da Coruña, da E. U. de Arquitectura Técnica, na que tratarán, espero, moito máis en profundidade todos os aspectos que entran dentro deste mundo, moito máis aló desta nota que non quere ser máis que unha recollida etnográfica.

6 1 quintal = 50 quilos